



CERTIFICADOS DE GALEGO (CELGA)

Orde do 10 de febreiro de 2014 pola que se modifica a Orde do 16 de xullo de 2007 pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga)

CELGA 1 (nivel A2)

- Certificado do curso de nivel elemental de lingua e cultura galegas para estranxeiros
- Certificado de curso de lingua galega para non galego-falantes
- Certificado do nivel básico de estudos de galego da UNED
- **Aquela persoas que cursasen e superasen en Galicia de maneira oficial a materia de lingua galega en todos os cursos da educación primaria ou en seis cursos da EXB**

CELGA 2 (nivel B1)

- **Aquelas persoas que cursasen e superasen en Galicia de maneira oficial a materia de lingua galega en todos os cursos da EXB e que estean en posesión do título de graduado escolar**
- Aquelas persoas que cursasen e superasen en Galicia de maneira oficial a materia de lingua galega en todos os cursos de Educación Primaria e mais en dous cursos da ESO

CELGA 3 (nivel B2)

- Aquelas persoas que cursasen e superasen en Galicia de maneira oficial a materia de lingua galega en todos os cursos da ESO e que estean en posesión do título de graduado en ESO (tamén se cursou un dos cursos fóra de Galicia sempre que non sexa o último)
- Aquelas persoas que cursasen e superasen en Galicia de maneira oficial a materia de lingua galega en primeiro e segundo da ESO, o ámbito lingüístico e social- no que estea incluída a materia de lingua galega- do Programa de diversificación curricular, e que estean en posesión de graduado en ESO. Se o alumno/a se incorpora ao Programa de diversificación curricular en cuarto ESO, terá que ter aprobada a materia de lingua galega en 3º ESO.

CELGA 4 (nivel C1)

- Título de bacharelato (LOXSE ou BUP)
- Técnico de FP2

* Sempre que se estudase en Galicia na súa totalidade e se cursase de maneira oficial a materia de lingua galega en todos os cursos dos ditos estudos

CELGA 5 (nivel C2)

- Título de licenciado en filoloxía galega ou filoloxía hispánica (subsección de galego-portugués)
- Título de licenciado sempre que acompañe certificado de que cursou 18 créditos de lingua galega